



XI Asemblea

O Consello Nacional do BNG convocou para o 22 e 23 de novembro unha nova Asemblea Nacional co obxectivo de preparar a presentación aos seguintes comicios, definir a candidatura á Presidencia da Xunta e avanzar no proceso interno acordado e encetado na XAsemblea.

3



A realidade laboral da mocidade, ¿ciencia ficción?

O paro de longa duración esta-se a converter nunha característica definitiva do desemprego xuvenil.

4-5

Voceiro do Bloque
Nacionalista Galego
2ª época / número 7
outubro 2003

BE-NE-GA



O galego, de actualidade!

O galego debe regresar á primeira orde do debate público. A lingua non se pode recuperar sen que se perciba unha demanda real e permanente de normalización. A asunción pola Xunta do acordo normativo e a galeguización da banca son dous obxectivos inmediatos

EDITORIAL

Mentres celebramos o 70 aniversario do recoñecemento internacional da nosa nacionalidade (e outras achegas imprescindíbeis do Partido Galeguista), alvíscase un panorama político no que Galiza enfrenta o desafío de ver novamente cuestionada a súa identidade nacional.

Nada que esperar do PP, con Aznar en desvario imperial enarbolando unha Constitución na que non acredita para criminalizar á disidencia democrática e impor o seu proxecto de España uniforme.

Pouco que agardar dun sucesor *de-signa-do*, que anuncia no Monte do Gozo que "es gallego" para presumir de que "se preocupará de los intereses generales de España" diante dun partido minguante en personalidade diferenciada. Co slogan de "Galicia con *máis forza*" (?) os populares galegos acatan o mandato do aparato central ao tempo que practican a insensibilidade cos intereses xeais de Galiza, tal como aconteceu no recente debate parlamentario onde botaron terra sobre a aprofundación do autogoberno auspiciada polo nacionalismo.

Da outra beira do bipartidismo español tampouco chegan sinais esperanzadores. Para disimular o seu anterior seguidismo absoluto do PP publicitan, en vísperas electorais, un proxecto confuso que pretende encarnar unha *España distinta...* na que Galiza tampouco existiría como nacionalidade diferenciada. Non chega nen a ser, polo que se viu no cúmulo de Santillana, unha prioridade nas preocupacións autonómicas do PSOE.

Neste contexto, só a actuación do BNG garante que se transforme a actual situación subordinada de Galiza tanto nas institu-


cións españolas como europeas. Como se afirma no documento do Consello Nacional do BNG aprobado o pasado 12 de xullo, "o cambio político que Galiza necesita non é a substitución da 'dereita española' pola 'esquerda española'. Galiza precisa un cambio nacionalista" que permita, desde a acción institucional nas Cortes e desde o Goberno galego, acrescentar o peso político do noso País para o recoñecemento efectivo do estado español como unha realidade plurinacional.

Liderando a alternativa ao esgotado ciclo de gobernos de Fraga, o nacionalismo amosará que a defensa dun autogoberno acorde coas nosas reivindicacións servirá tamén para propiciar o desenvolvemento e benestar da nosa sociedade.

Coa expectativa dos decisivos reptos eleitorais do 2004 e consciente das súas responsabilidades no futuro do País, o BNG afronta un novo proceso asemblear para consolidar a tarefa de renovación e adecuación política-organizativa iniciada na X Asemblea, tras 20 anos de traxectoria.

Nun debate plural e democrático, a militancia elixirá un novo candidato do BNG á Presidencia da Xunta, tras a renuncia de Xosé Manuel Beiras a desempeñar ese rol. Pero, basicamente, a XI Asemblea deberá servir para que as xentes do Bloque dirimamos con claridade a dirección orgánica, o discurso e as novas prácticas que precisa o nacionalismo para liderar politicamente unha maioría social que agarda de nós a capacidade de constituír-nos definitivamente na ferramenta política de referencia para as transformacións sociais e o proxecto nacional que precisa a sociedade galega.

ACONTECE



Retrato de Plácido Castro na portada da publicación conmemorativa

O BNG sumou-se aos actos de conmemoración do **70 Aniversario do Reconecemento Internacional de Galiza como unha Nacionalidade** no IX Congreso de Minorías Nacionais Europeas, organismo adxunto á Sociedade das Nacións, reunido en Berna do 16 ao 18 de setembro de 1933. A iniciativa —organizada polo IGADI, co apoio da Cancellaría de Cultura de Vigo en colaboración coas Fundacións Galiza Sem-

pre, Sargadelos, Plácido Castro e máis os Premios da Crítica de Galicia— contou coa presenza de Xosé Manuel Beiras, Portavoz Nacional, Anxo Quintana, Coordinador da Executiva, e Camilo Nogueira, Secretario de Relacións Exteriores, quen trasladaron a importancia deste tipo de iniciativas tanto polo que significan de recuperación da memoria histórica do País como polo papel que xogan na defensa do feito diferencial galego, sobre todo nuns tempos de absoluta regresión e involución autonomista.

O deputado do BNG no Congreso **Carlos Aymerich** defendeu en Pleno (16/9/03) unha **proposición non de lei** a favor da



constitución dunha **Selección Deportiva Galega** que poda competir en torneos internacionais con carácter oficial. A iniciativa non prosperou pola abstención do PSOE e o voto en contra da maioría do PP a quen Aymerich acusou de tentar sustentar no deporte "a identidade nacional española, na máis rancia tradición franquista". Para o deputado nacionalista a demanda do BNG ten un claro sustento social e popular e ademais é constitucional, pois a Carta Magna debuxa un marco competencial que outorga ás comunidades autónomas competencia exclusiva en materia de deportes.

O aniversario do pasamento, o 14 de setembro de 1953, de **Ramón Vilar Ponte**, foi aproveitado polo BNG para impulsar, através dos seus grupos municipais, diferentes iniciativas que perseguen reivindicar e recuperar a traxectoria e importantes aportacións políticas, intelectuais e culturais desta figura do nacionalismo. "El deu á literatura galega textos básicos nunha cultura adulta e moderna; as súas obras, centos de artigos e outros traballos académicos fan de Ramón a grande ponte pola que se transita de Murguía a Castelao".

A Fundación Galiza Sempre vén de editar a publicación **Democracia e País**. Un texto



que, con guión de Xusto Beramendi e abundante e rica base documental, pretende ser un referente rigoroso e unha nova aproximación das aportacións do nacionalismo galego á historia da democracia. O texto completa a exposición que, co mesmo nome e a iniciativa tamén da FGS, percorreu diferentes concellos de Galiza durante os pasados meses.



LER PARA CRER

"Juaristi ve poco futuro como lenguas de vinculación al gallego y al euskera" («Correo Gallego», 19 agosto)

"El gallego no es válido para escribir una obra moderna y urbana" (Jaime Quesada, «La Opinión», 6 agosto)

"El nacionalismo implica un feroz odio a lo ajeno" (Jon Juaristi, «Voz de Galicia», 19 setembro)

"Eurodiputados del PP apoyan que Estrasburgo investigue la catástrofe del Prestige" («La Opinión», 19 setembro)

"Francia interrogó a los altos cargos españoles que no comparecieron ante la cámara gallega" («El País», 19 agosto)

"Parece mentira que Europa dejase que ocurriera la catástrofe del Prestige" (Elvira Rodríguez, Ministra de Medio Ambiente, «Diario Pontevedra», 19 agosto)

"Sería muy positivo un gobierno socialista con consejeros del BNG" (Emilio Pérez Touriño, «Voz de Galicia», 25 agosto)

"Medem hizo con el nacionalismo vasco lo que Riefensthal con Hitler" (Fernando Savater, «Voz de Galicia», 24 setembro)

"Del Castillo dice que La Pelota Vasca sitúa al Gobierno y a ETA al mismo nivel" («ABC», 19 setembro)

CAIXA DE CORREO

Aberta ás tuas opinións...

“A X Asemblea Nacional do BNG acordou mandar ao Consello Nacional a convocatória, unha vez pasadas as Eleicións Locais, dunha nova Asemblea Nacional que teña como obxectivo preparar a nosa presentación aos seguintes comicios, definir a nosa candidatura á Presidencia da Xunta e avanzarmos no proceso interno acordado e encetado na X Asemblea Nacional.

Trata-se, sen dúbida, dun proceso importante no que o BNG deberá demostrar a súa madurez

para que o necesario debate descorra por cauces de normalidade democrática e que ao mesmo tempo os intereses políticos inmediatos do BNG non se vexan afectados negativamente. Antes ben, o proceso previo e a celebración mesma da Asemblea, debe ser o mellor escaparate dunha forza política unida, coesionada e disposta a afrontar a responsabilidade de gobernar a nosa nación” (...)

Documento aprobado no Consello Nacional do 12 de Xullo



As datas clave do calendario

6 de setembro

Reunión do Consello Nacional:
Convocatória de Asemblea.
Aprobación do calendario, do temario, da orde do día e da proposta de Regulamento.

24 de setembro

Remate do prazo para a presentación de propostas á Executiva Nacional de opcións á candidatura á Presidencia da Xunta.

25 de setembro

Apertura de prazo para o proceso de recollida de avais.

8 de outubro

Remate do prazo de recollida de avais e entrega na sede nacional antes das 24h.

11 de outubro

Reunión do Consello Nacional:
Aprobación do documento.
Eleición de sede da Asemblea.
Remisión do documento e votos particulares ás Asembleas Comarcais.
Proclamación de candidatas/as á candidatura á Presidencia da Xunta.

15 de outubro a 29 de outubro

Debate en Asembleas Comarcais da proposta de documento e das propostas de candidatura á Presidencia da Xunta.

7 de novembro

Reunión do Consello Nacional:
Debate e ditame das emendas.

14 de novembro

Remate do prazo de recepción nas comarcas das emendas apresentadas.
Remate do prazo para presentación ante a Comisión de Garantías das candidaturas presentadas ao Consello Nacional.

22-23 de novembro

Asemblea Nacional.

24 de decembro

Remate do prazo para a renovación total do Consello Nacional e a elección dos membros dos Consellos Comarcais e Consellos Locais.

XI

ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

22/23 DE NOVEMBRO

2003

O Proceso e os seus documentos

Consello Nacional 12 de xullo: apróbase un primeiro documento político que servirá de base para a posterior redacción da Ponencia que se debatirá na propia Asemblea.

Renuncia de Xosé Manuel Beiras: o Portavoz Nacional do BNG, Xosé Manuel Beiras, remite unha Carta (29/08/03) aos membros do Consello Nacional na que anuncia a súa decisión de non repetir como candidato á Presidencia da Xunta.

Consello Nacional 6 de Setembro: Aprobación do Temario da Ponencia e da proposta de Regulamento.

Presentación de Candidaturas: O 24 de setembro pécha-se o prazo de presentación de candidaturas e queda rexistrada a documentación de Anxo Quintana e de Camilo Nogueira coas súas propostas e argumentos para aspirar á candidatura da Presidencia da Xunta.

Comisión Redactora da Ponencia: os 27 membros do Consello Nacional que decidiron participar na redacción da Ponencia Política concluíron o borrador do mesmo o 29 de setembro, co obxectivo de ser debatido no Consello Nacional do 11 de outubro e a partir de aí comezar a súa discusión nas comarcas.

Os temas a debate

Documento único

Situación Política: A consolidación do nacionalismo e a súa configuración como alternativa de goberno.

1. A situación política.
2. As conclusións e ensinanzas do proceso de eleccións locais.
As ensinanzas do acceso do BNG ao goberno das cidades.
Traballo e avance do BNG nas vilas e no mundo rural.
3. A importancia dos movementos sociais e a súa translación política.
4. Os retos do proxecto nacionalista en Galiza.
5. O BNG fronte aos partidos estatais no proceso de construción nacional.
6. A apertura real e efectiva do BNG.

A perspectiva das Eleicións Xerais e Europeas. A presenza de Galiza no Estado e en Europa:

1. Eleicións Xerais:
Obxectivos e orientacións programáticas.
Galiza como nación no Estado.
Criterios para a elaboración de candidaturas.
2. Eleicións Europeas:
O BNG ante a Unión Europea:
O proxecto de Constitución.
O BNG perante as eleccións europeas.

As eleccións do 2005 no proceso de emancipación nacional.

Organización: Actualizacións organizativas.

A realidade laboral da mocidade, ¿ciencia

Se a aplicación das medidas legais de desregulación do mercado laboral e dos recortes das prestacións e dereitos sociais está a xerar graves consecuencias –precarización das condicións laborais e paro– para os traballadores e traballadoras en xeral, os efectos sobre a mocidade podemos cualificarlos como devastadores. Así, entre a mocidade rexístrase unha taxa de paro moi alta¹, e que supera en nove puntos porcentuais a media de toda a poboación activa: o 20,4% para o grupo de idade entre os 16 e os 29 anos, situándose nun 40% entre os menores de 25 anos. Dados dabondo es-

pectaculares, pero en maior grao se se ten presente que unha parte importante deste segmento, ante a escaseza de oportunidades para acceder a unha saída laboral, opta por prolongar artificialmente a súa formación, e non se incorpora ao mercado de traballo, polo que non se ve reflectido nas estatísticas.

Ocorre que esta situación pon de manifesto a existencia de procesos inéditos até o de agora. O paro de longa duración, que nos albores dos anos noventa se concentraba nas persoas desempregadas que andaban á volta dos cuarenta anos, esta-se a converter nunha característica definiti-

“No último ano, o 93 por cento dos novos contratos asinados por persoas menores de 25 anos tiñan carácter temporal”

ria do desemprego xuvenil. Fai-se, a cada pouco, máis habitual que as persoas mozas permanezan máis de dous anos ininterrompidos como paradas, co que aumentan non só as dificultades de incorporación á vida laboral, senón tamén os riscos de marxinación e exclusión social.

Outra particularidade desta realidade laboral da mocidade, excesivamente precarizada, é o forte incremento da temporalidade no traballo. No último ano, o 93% dos novos contratos asinados por persoas menores de 25 anos tiñan carácter temporal e o salario medio resultou claramente inferior ao do resto dos traballadores e traballadoras, situándose nun 40% menos.

Esta desoladora realidade fixo que se reactivasen os procesos migratorios de forma espectacular. O acumulado total de emigración na década dos noventa foi de 120.851, representando os emi-

grantes do ano 2000 un total de 17.282² persoas. É dicir, o 15% do total da década. Estas cifras indican a riada migratoria, lonxe de se reducir foi en aumento. Ademais, con toda probabilidade as cifras están infravaloradas xa que están baseadas nas baixas rexistradas no padrón de habitantes, polo que aquelas persoas que, traballando no exterior, seguen figurando como residentes nos concellos de orixe non se contabilizan. Aínda así a cifra resulta espectacular constatándose o fracaso das iniciativas en materia de emprego xuvenil deseñadas pola Administración Autonómica

“A riada migratoria, lonxe de se reducir foi en aumento”



ficción?

Orzamentos-2004: fraude e propaganda no ano do Prestige

Houbo Consello de Ministros na Coruña, con entreguismo do alcalde do PSOE incluído, pero a realidade é teimuda e non admite réplica: sen rastro do Plano Galiza nos orzamentos xerais do Estado-2004. Os presupostos para 2004 seguen a caracterizar-se polos mesmos riscos que definiron os exercicios precedentes: dotacións e partidas francamente insuficientes, prácticas contábeis fraudulentas e propaganda, propaganda, propaganda.

Mesmo no ano do Prestige o Goberno Aznar continua coa súa política discriminatória: máis unha vez, o que irá recibir Galiza está mesmo lonxe do noso peso demográfico no conxunto do Estado.

Os orzamentos son opinábeis, como todo, mais son-no relativamente, porque son reductíbeis a números e datos aritméticos. Vexamos algúns deles. No capítulo absolutamente estratéxico de infraestruturas de Fomento, Galiza recibe na suma total de Portos do Estado, Renfe, AENA e o Xestor de Infraestruturas Ferroviarias (o AVE) un total de 266,6 millóns de euros. Esta cifra en termos absolutos non nos informa absolutamente de nada. Hai-na que pór en relación con estoura: os 8.970 millóns que se irán investir no conxunto do Estado. En facendo isto, tiramos a conclusión de que Galiza só obtén o 2,9 por cento do total estatal, unha cantidade que se acha moito por debaixo do que representamos en termos de poboación (arredor do 6,8 por cento) e desde logo moi por debaixo do que nos cumpre para superarmos o déficit de infraestruturas que pexa o desenvolvemento da nosa economía.

“É certo que en termos absolutos se ten producido un incremento dos investimentos en relación a 2003”, avalía Francisco Rodríguez, “mais isto hai-llo que anota a haber do movemento social que saíu ás ruas do país para expresar o seu protesto perante o xeito catastrófico en que o Goberno xestionou a crise do Prestige. O acadado é froito da presión popular e do traballo institucional do nacionalismo galego. Dito isto, hai que acrescentar que o que se conseguiu está aínda moi lonxe de ser suficiente”.

O PP vendeu como grande logro, por pormos outro exemplo, os investimentos nas autovías galegas. Os meios de titularidade pública de Galiza trompetearon o

dado dos 42 millóns de euros que se irán investir na Autovía do Cantábrico, a autovía que deixa de ser do Cantábrico cando se adentra no noso territorio nacional. Esqueceron, vaítes, contextualizar este dado no marco do investimento global no Estado. De té-lo feito —esta é unha obriga de todo xornalista, contrastar a información—, terían informado á nosa poboación de que eses 42 millóns de euros só representan o 3,1 por cento do gasto total no Estado, que ascende á cifra de 1.419 millóns de euros.

Esta é a tónica, mesmo no Ministerio de Meio Ambiente. Após o Prestige, as obras para a realización das Estacións Depuradoras de Augas Residuais en Santiago, Ferrol e A Coruña fican adiadas na súa culminación até o 2007, cando as directivas europeas obrigaban á súa entrada en funcionamento a día 1 de xaneiro de 2003.

Ademais non se cumpren. Alén do máis, o problema é que os orzamentos en Galiza non é que sexan miserentos, é que ademais non se cumpren. Nunha recente resposta do Goberno, o Executivo recoñecía, por exemplo, que á altura de Xuño de 2003 só se levaba investido nos aeroportos galegos o 4,4 do inicialmente orzamentado, unha cantidade que xa de por si representaba apenas o 1,8 por cento do total estatal.

“Imos continuar a dar o debate político para desvendar tanta impostura. O trámite das emendas servirá para demandar como mínimo que os orzamentos, no ano do Prestige, superen a porcentaxe do que nos correspondería por peso demográfico e contribúan para incrementar os niveis de benestar material do noso pobo”, anuncia o portavoz do BNG no Congreso, Francisco Rodríguez.

“Entre a mocidade rexístrase unha taxa de paro moi alta, que supera en nove puntos porcentuais a média de toda a poboación activa”

Acontece, ademais, que esta emigración na década finisecular presenta un risco ben preocupante: a concentración de forma especial na xente moza. Tal é así que máis da metade dos emigrantes neste período tiñan entre 16 e 34 anos, xeralizando-se entre a mocidade con estudos universitarios e altamente cualificada³. Debe ter-se en conta que:

Os traballadores e traballadoras máis formadas contan cun potencial produtivo máis elevado e polo tanto xeran en maior medida dinámicas económicas que propician a creación de máis emprego.

Os contribuintes pagaron a formación de persoas que xeran riqueza noutros países sendo así que a sociedade emisora non vai ver retribuído o investimento feito. Velái a perda fiscal que isto supón.

As persoas emigrantes cun nivel de estudos/formación alto teñen unha tendencia maior a emigrar coas súas familias e a in-

tegrar-se no país de destino, sendo polo tanto menos proclives a remesar recursos financeiros á sociedade de orixe.

En definitiva, a situación laboral da mocidade empeorou significativamente durante os últimos anos levando a que moita xente nova decidise marchar a outros países buscando o futuro que non poden atopar en Galiza. E mentres isto está a acontecer, a Xunta de Galiza carece da vontade para levar adiante as medidas necesarias para afrontar un problema destas dimensións e segue a considerar-lo como un mero asunto de *marketing* electoral⁴.

¹ Teña-se en conta, tamén, que ao redor do 20% das persoas desempregadas atopan-se aínda na procura do primeiro emprego, o que denota a incapacidade da economía galega para incluír no mercado laboral á nova forza de traballo que se vai incorporando no proceso.

² O destino elixido maioritariamente por todos e todas as que marcharon foi Canarias (5.572) e Madrid (2.376). Este proceso migratorio é xeralizado en todo o país, e non se libran nen as sete grandes cidades. Así de Vigo saíron 1.771 persoas e de A Coruña 1.747. Por provincias, A Coruña enfoca a emigración sobre todo a Canarias, Lugo a Asturias aínda que Canarias está a ter un forte medre nos últimos anos, e Ourense sobre todo a Cataluña seguido de Canarias.

³ Este proceso de migración de xente formada é un fenómeno que está a caracterizar a emigración a nivel mundial. A lexislación dos diversos estados receptores está a ser reformada para flexibilizar as barreiras de entrada naqueles inmigrantes altamente cualificados, ao tempo que se endurece nos outros grupos. Así Australia (criticada o ano pasado por non permitir a entrada dun barco con inmigrantes afganos) ven de permitir aos estudantes foráneos de tecnoloxías da información a solicitar a residencia permanente en base ao seu nivel de formación.

No caso galego, no ano 1999, do total de movementos migratorios tanto internos como externos, o 32,6% correspondían a unha titulación de bacharelato e títulos equivalentes ou superiores.

⁴ Tanto o Plano de Emprego Xuvenil do 93 como o Plano de Acción Xove e o Plano Laboral foron anunciados en procesos eleitorais





MUDANZAS A TER EN CONTA:

- Desaparece a representación gráfica da chamada “segunda forma” do artigo; e así óptase por escribir, por exemplo, “cambiar as cousas” no canto da solución anteriormente recomendada “cambia-las cousas”. Óptase por grafar todo xunto, a diferenza de antes, palabras como: “apenas”, “amodo”, “devagar” ou “acotío”.
- Como se sinalou, prefírese a utilización das terminacións *-bel* e *-aría* (“posíbel” e “concellaría”) e da contracción *ao* (no lugar de *ó*). Tamén se indica como preferente o uso dos signos de interrogación e exclamación só ao final da frase (“Quen o sabe?”).
- Inclúense novas palabras coa terminación *-zo* ou *-za* (anteriormente *-cio*, *-cia*), por exemplo, “espazo”, “servizo”, “diferenza” ou “sentenza”. Aquí é curioso o tratamento que se lle dá á forma *Galiza*, que se reconece como tradicional e literaria, mais mantense como oficial *Galicia*.
- Por regra xeral, desaparece a letra *c* dos grupos consonánticos *ct* e *cc* se están precedida das vocais *i* e *u*, por exemplo, “diccionario” ou “ditado”.
- Así mesmo, admítase o emprego de palabras como “até”, “porén”, “estudiante” ou do relativo “cuxo”, anteriormente proscritas. A letra *q* vaise chamar letra “que” en vez de “cu”.



O acordo normativo: unha hixiene necesaria

A Lei 3/1983, de Normalización Lingüística, indica na súa Disposición Adicional: “Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimárase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega. Esta normativa será revisada en función do proceso de normalización de uso do galego”

O pasado 12 de xullo, esta Academia revogou a súa negativa anterior e aprobou, por maioría dos seus membros, facer seu o documento técnico presentado pola Comisión científica tripartita, formada por representantes das tres universidades galegas, da propia Academia e mais do Instituto da Lingua Galega. As modificacións ou actualizacións introducidas supoñen, en certa maneira, un retorno ás normas da R.A.G. de 1970, que elaborara D. Ricardo Carvalho Calero, e supoñen, desde logo, unha hixiene necesaria na escrita normativa do idioma, sobre de todo, pola alta frecuencia de uso que algunhas solucións teñen na práctica escrita da lingua de noso. Exemplos: *ao*, (non “ó”); *ler o libro* (non “le-lo libro”); lexitimidade do nome Ga-

Son o Parlamento de Galiza e a Xunta de Galiza, como primeiras institucións públicas galegas, as que teñen que asumir o ditame favorábel da RAG e pó-lo en práctica.

liza ou eliminación de castelanismos flagrantes como “alomenos”. Estas mudanzas non contrarian—antes facilitan— a precisa incorporación do galego á súa casa natural, quer-se dicir, ao comun sistema galego-portugués, que admite no seu seo—como acontece en todas as linguas de grande extensión territorial e social— variantes e subnormas.

Esta, a subnorma galega, sen censuras semántico-léxicas que a eiven ou empobrecen, debe pórse xa ao servizo dun obxectivo fundamental: unha norma ortográfico-normativa é unha receita; no noso caso, a *receita* debe aplicarse á saúde do paciente, vale dicir, a saúde da lingua galega. Ela é realmente o que está en xogo, baixo un estado de anémia social e pública que é de pronóstico grave e cun incumprimento flagrante da mesma cativa lexislación *ad hoc* por parte das institucións públicas galegas, a comezar pola Xunta de Galiza.

Por isto, por enésima vez, desde o BNG reclamamos, como mínimo, o cumprimento dunha legalidade lingüística que ten moito máis de intacta que de aplicada, coa gravidade de que a lei-marco, mencionada ao principio, ten dúas décadas de existencia e un articulado que precede a aquela Disposición Adicional utilizado como puro valor nominal e ideal, sen translación á práctica visíbel e audíbel.

Como é lóxico, antes de calquer outro actor ou axente social, son o Parlamento de Galiza e a Xunta de Galiza, como primeiras

institucións públicas galegas e principais emisoras de “papel galego”, as que teñen que asumir o ditame favorábel da RAG (responsábel legal destas mudanzas) e pó-lo en práctica. A partir disto, e só a partir de aquí, o Bloque Nacionalista Galego, na liña que sempre defendeu e practicou de eliminar obstáculos para o uso social e público do galego e de favorecer todo o que o promova e facilite, asumirá como propias as normas recentemente aprobadas, na intelixencia do necesario progreso para a lingua que antes se explicou, auténtico obxectivo social e político que dista moito de estar cumprido.





Apuntamentos rápidos acerca da reforma da normativa oficial do galego

■ O pasado 12 de xullo de 2003 a Real Academia Galega aprobou unha proposta de modificación da 'normativa oficial' do galego. A normativa oficial nacera como tal a raíz do Decreto de Normatización da Lingua Galega (coñecido como "Decreto Filgueira" e publicado no DOG en abril de 1983), que viña consagrar como modelo para a escrita da lingua galega as "Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego", aprobadas en sesión conxunta da Real Academia Galega (RAG) e do Instituto da Lingua Galega (ILG) en xullo de 1982.

■ A proposta de modificación da 'normativa oficial', referendada pola RAG, veu precedida dun intenso traballo en prol do consenso normativo, auspiciado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega, e que deu nunha proposta de modificacións das devanditas Normas Ortográficas aceptada polo ILG e os departamentos de Lingua das tres universidades e apoiada por un número importante de entidades, colectivos e persoas interesados na normalización do noso idioma.

■ Por unha maioría escuálida, a inicial proposta de modificación das Normas do galego foi rexeitada polo pleno da Academia Galega en novembro de 2001, nunha decisión que volvía pór en cuestión a existencia da devandita Academia e, sobre todo, a súa composición e o compromiso real dunha parte importante dos académicos coa lingua do país. Tamén resultaron sintomáticas no seu momento as declaracións de todo un Conselleiro de Educación

da Xunta (reitor, polo tanto, da política lingüística da institución) descalificando a validez da proposta.

■ Malia a decepción xerada pola non ratificación da proposta de mudanzas na norma do galego e polas enormes expectativas creadas arredor disto, o certo é que a presión social que se exerceu en favor da proposta —xuntamente co compromiso activo dalgúns académicos— fixeron posíbel que a cuestión non esmorecese de vez. A Academia, aínda cunha disposición ben diferente entre os seus membros, viuse movida a recuperar o debate sobre a introdución de mudanzas "Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego".

■ A proposta finalmente aprobada pola RAG non coincide ao cento por cento coa anterior proposta presentada, xa que algúns dos puntos que se sinalaban para a súa modificación non se aceptaron na súa integridade, baixo a acusación máis ou menos velada dunha certa deriva lusista.

■ Con todo, a ratificación que o pleno da RAG fixo de modificación no texto da normativa oficial foi saudada de xeito positivo desde a case totalidade dos sectores que pulan pola normalización plena do noso idioma, sexan do ámbito que sexan (lingüístico, cultural, político, sindical...), agás por unha parte dos círculos reintegracionistas e lusistas, que alertaban do escaso alcance das modificacións aprobadas e da marxinação das propostas reintegracionistas.

■ A esta altura, segue pendente o paso posterior, isto é, que a Xunta de Galiza tamén ratifique estes cambios, así como que se faga un labor de popularización das devanditas modificacións. De feito, existe un descoñecemento bastante amplo dos puntos que se introducen como modificacións nas "Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego" tras o debate na Academia, mesmo entre os profesionais dun ámbito como o ensino, e isto nos comezos dun novo curso escolar.

■ Cinguíndonos ao ámbito estritamente lingüístico, as modificacións acordadas pola RAG non son de gran calado e, de feito, nalgúns casos limitáanse a sinalar como opcións preferentes algunhas que estaban admitidas como válidas nas propias Normas, mais que estaban consideradas como opcións non aconsellábeis (é o caso das terminacións *-bel* e *-aría* ou da contracción *ao* por exemplo).

■ En resumo, a pesar de o alcance ser menor das modificacións propostas e consensuadas pola AS-PG, ILG e os departamentos de lingua das tres universidades, a reforma da normativa oficial aprobada pola Academia Galega parece ser un avance de calidade na resolución do denominado conflito normativo, ao conseguir unificar as dúas propostas de norma que máis usuarios e adhesións concitaban, a "normativa oficial" e máis a "normativa de mínimos", esta última promovida no seu día pola AS-PG e empregada máis ou menos con carácter xeral por boa parte do nacionalismo galego.

PROPOSICIÓN DE LEI DE NORMALIZACIÓN DE USOS SOCIAIS E PÚBLICOS DA LINGUA

O Bloque Nacionalista Galego, consciente de que a normalización do idioma non só depende da súa normatización, vén de presentar a través do seu grupo parlamentar no Hórreo unha Proposición de Lei de Normalización de Usos Sociais e Públicos da Lingua, que ten por obxecto actualizar a lexislación vixente ao respecto.

Responde esta iniciativa —segundo a súa responsable, a deputada Pilar García Negro— a "eiva" coa que naceu a LNL (Lei de Normalización Lingüística) "de caecer de mandatos concretos, de prazos de execución e de mecanismos de avaliación para medir a súa eficacia".

A proposta lexislativa establece, en consecuencia, a necesidade de que o galego sexa utilizado como norma e non como excepción en todos os ámbitos da vida pública, "para o que a Xunta debe xogar un rol director" moi importante.

Os ámbitos que abranguería a nova norma serían, entre outros: o institucional, o que establece a relación da Administración cos administrados, toponimia, ensino obrigatorio e universitario, sanidade pública e medios de comunicación. (Ver texto íntegro da iniciativa en www.bng-galiza.org).



O galego, sempre en conta

O noso idioma non pasa polos seus mellores momentos. Cada vez é máis difícil vivir o galego como lingua espontánea e natural. Continua descendo o seu uso dunha xeración a outra e non se producen adiantos reais na súa introdución en ámbitos de prestixio e poder: administración, xustiza, ensino, empresariado, etc. A agudización da diglosia e o narcotizador discurso de bilingüismo harmónico levaron a que as persoas e grupos máis preocupados polo galego tendésemos a reducir o noso traballo en favor da súa recuperación e extensión social. Canto peor sexa a situación, e sen termos unha táctica de resposta, máis aumenta o pesimismo. E a conclusión parece clara: a lingua non se pode recuperar sen que se perciba unha demanda real e permanente de normalización.

Non podemos permitir que esta pasividade gañe a batalla e que se naturalice a subordinación do idioma. O galego debe regresar á primeira orde do debate público. Nesa liña de retomar a tensión normalizadora, diferentes organizacións imos comezar cunha campaña para a introdución do galego no sector bancario e de aforro. Escolleu-se este obxectivo tanto polo seu prestixio e incidencia social como por se tratar dun espazo case totalmente desgalguizado.

Queremos que calquer cidadán ou cidadá da Galiza vexa garantido o seu elemental dereito a recibir información no idioma propio do país. Que as comunicacións do banco nos cheguen en galego, que podamos contratar unha hipoteca no noso idioma, que o caixeiro tamén teña a opción da nosa lingua, etc. Nen máis nen menos que o que unha madrileña pode facer en castelán ou un barcelonés en catalán.

Non hai nengun argumento serio para negar un dereito tan básico, mais non o poderemos lograr se non nos implicamos todas e todos, individualmente, en facer esa solicitude de uso do idioma diante do noso banco ou caixa. Nesas estamos.

Campaña pola normalización lingüística na banca

A Mesa pola Normalización Lingüística e distintas organizacións políticas e sociais, coa participación do BNG, desenvolverán –entre novembro e xaneiro– unha campaña a favor da galeguización da banca co lema inicial de referencia “O galego, sempre en conta”.

A finalidade desta campaña é defender o galego como lingua vehicular das relacións bancarias, sexa nas comunicacións internas nas entidades de creto como en todos os ámbitos da relación entre as entidades bancarias e os clientes e cidadáns en xeral (publicidade, rotulación, comunicacións orais e escritas, caixeiros automáticos, etc).

Está prevista a constitución no ámbito sindical dunha Plataforma pola galeguización da banca

Recabarán-se compromisos da Dirección Xeral de Política Lingüística, forzas políticas, membros dos Consellos de Administración das Caixas de Aforro, etc., de impulso a medidas concretas de galeguización. Asimesmo, concertarán-se reunións cos directivos das distintas entidades bancarias e caixas de aforro que operan en Galiza.

Pretende-se a sensibilización e involucración da cidadanía á hora de demandar un uso efectivo do galego como lingua vehicular nas relacións bancarias e na comunicación destas entidades cos/as consumidores/as.

No plano estritamente político o BNG cumprimentará a campaña específica da banca con iniciativas nos ámbitos parlamentares que den impulso á política normalizadora no seu conxunto.

“O galego debe regresar á primeira orde do debate público. A lingua non se pode recuperar sen que se perciba unha demanda real e permanente de normalización”

Manipulación, poder e empresa

Hai uns meses abordamos xa desde estas mesmas páxinas como os cidadáns e cidadás galegas experimentaron ser vítimas da manipulación e da mentira coas que o poder político se defendeu da catástrofe do Prestige valendo-se dos medios de comunicación que pagamos todos.

Por vez primeira, a sociedade rebotou tamén ante este suposto e non só a sociedade, senón os propios profesionais, que abiron un espazo para a esperanza, para outro xeito de facer xornalismo, máis próximo ao seu verdadeiro papel de “intermediario social”. Houbo un período de trégua –nalguns soportes privados– durante o que pudemos ler, ver e oír o relato dun suceso tal cal estaba a acontecer, libre do control político, alleo ás relacións establecidas entre as direccións dos medios e os distintos estamentos con poder. Pero, tal e como se aventuraba nese artigo que referenciamos, non debiamos de baixar a garda nen confiarmos nunha translación exacta da reacción informativa fronte ao Prestige ao día a día dun sistema vítima e submisivo á partidización e gobernalización dos seus contidos.

Non por ter sido máis burda, a manipulación e o ocultamento de datos no caso do sinistro do petroleiro colleu por sorpresa a lei-

tores dispostos a ler entre liñas e a recoñecer a falla de pluralismo, rigor e independencia no panorama mediático galego. Os cemitérios clandestinos de Mesía foron outra gota que debería ter colmado o vaso dunha cotidianidade que semella xa asumimos –profesionais e lectores– como mal, polo de agora, irresolúbel. De feito, voces soan ás veces que chegan a dudar de que, no diário, a reducida presenza de determinadas forzas, temáticas ou colectivos teña tanto ou máis que ver con decisións político-empresarias que coas súas propias prácticas comunicativas.

Durante os últimos meses, por exemplo temos mostras dabondo –de manipulación, poder e empresa– para evidenciar, unha vez máis, a realidade descrita, ante a que cumpre seguir buscando fórmulas para denunciá-la e rexeitá-la, porque case nunca trascende e porque recibir información veraz non é un privilexio senón un Dereito.

Manipulación

“O Defensor do Povo, na súa resposta á queixa formulada polo Movemento polos Dereitos Civís (...) considerou que, efectivamente, practicou-se unha *política informativa defectuosa e mesmo partidista* e que *é inegábel que o perigo foi minimizado* por parte das autoridades (...)

(...) Así mesmo, a institución que preside Enrique Múgica considera que *cabe aceptar que a información remitida pola Xunta de Galiza sexa parcial* ao tempo que entende que hai motivos para *unha reflexión sobre a política informativa dos medios baixo responsabilidade pública*”.



Corporativo – poder governamental

“1. O pasado decembro, a axencia Europa Press prescindiu dos servizos do seu correspondente en Ourense, D. Víctor Rodríguez. O delegado en Galiza de Europa Press, Virxilio Costas, aseguroulle ao propio interesado que a empresa tomara tal decisión atendendo unha queixa sobre o seu traballo formulada polo daquela responsábel da Secretaria Xeral para as Relacións cos Meios Informativos, da Xunta de Galiza, D. Xesús Parga. Esa mesma versión foi reiterada despois ante o conxunto dos xornalistas da delegación (...).

2. Pola súa parte, D. Xesús Parga calificou de “totalmente falsa” a afirmación de D. Virxilio Costas (...)

3. Os redactores de Europa Press Galiza (...) asinaron unha carta pedindo explicacións sobre o sucedido e reclamando que fose repostado o correspondente en Ourense. Ate o día de hoxe non foi atendida tal solicitude.

4. En todo caso, a Xunta de Goberno do CPXG (Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia)

constata o feito do despido fulminante e inxustificado do xornalista por parte da empresa e chama a atención sobre a **necesidade de evitar actitudes e feitos que contribuen a degradar o xornalismo e a traizoar os seus principios, ao tempo que defraudan o compromiso dos profesionais de transmitir á cidadanía unha información libre e veraz sen contaminar por servidumes políticas, económicas ou de calquer outra clase (...)**”.

Empresa

“A dirección da cadea privada Antena 3 presentará mañá ao comité de empresa, controlado por Comisións Obreiras, un plan para reducir un de cada catro empregos mediante baixas incentivadas. Aínda que a cifra pode sufrir un axuste final, os despedimentos afectarán a uns 400 traballadores dos 1.700 con que conta a nómina(...). O axuste afectará especialmente aos centros territoriais e á redacción de informativos (...)

(...) O colectivo que sufrirá na maior medida o axuste será o que presta servizo nos 10 centros rexionais. Esta estrutura, cos seus aproximadamente 300 traballadores, ten difícil xustificación, segundo a cadea. No seu día estableceu-se un sistema de desconexións territoriais de meia hora

na programación que se foi reducindo (...). A **competencia das emisoras autonómicas e locais reduciéron a súa audiencia á mínima expresión**”.

“O comité de empresa considera inexplicábel que Antena 3 meta nun ERE (Expediente Regulación Empresa) a xente da nó-

mina e contrate a outros por obra. Segundo os seus datos, en Galiza incorporáronse 19 traballadores para realizar unha reportaxe sobre o *Prestige* xusto cando outros tantos da produtora VAV, coa que Antena 3 asinou un convenio de servizos, recibiron a carta de despedimento”.

Os despedimentos afectarán a uns 400 traballadores dos 1.700 con que conta a nómina(...). O axuste afectará especialmente aos centros territoriais e á redacción de informativos



Alexandre Bóveda

Bóveda, 1903-1936, significa a “dignidade cívica” tanto na súa curta vida como na súa morte. Ao menos, así é para Francisco Carballo, quen aceptou o convite do **BE-NE-GA** para contribuir aos estudos sobre as actividades políticas, económicas e sociais que comezan a agromar sobre o galeguista. Un texto no que o autor se permite “ensañar tres zonas da peregrinaxe de Alexandre” e co que se pretende render contas á historia e sumar esforzos para recuperar a memoria “silenciada” —tal e como denuncian os seus familiares— desta figura fundamental para entendermos o País.

A educación dun galego

Alexandre Bóveda naceu en Ourense, 4-VI-1903. Terceiro de sete irmáns. Seu pai emigrara dúas veces; logo establecera-se definitivamente en Ourense cunha carpintería. A súa nai levaba a casa e traballaba nun “chambo”. Familia de obreiros-artesáns, nunha rua, a da Barreira, ao pé das Burgas e no máis quente cultural da cidade.

A infancia, adolescencia e mocidade de Bóveda discorre nun ambiente de traballo, de estudo, de socialización intensa e plural. É alumno da escola asociada á Normal de mestres; á vez, recibe clases de debuxo no Círculo Católico Obreiro, participa en actividades musicais e deportivas. Vive unha relixiosidade cristiá aberta.

Da escola de Primaria pasa a estudos de “Comercio” nos Irmáns Villar. Como típico alumno de familia obreira, recibe e pronto colabora como axudante cos mestres. Para 1917, aos 14 anos, ten amplas relacións sociais: deportivas, musicais, culturais.

El é un cidadán inmerso na problemática agrarista, obreira e política do Ourense de principios do s.XX. O agrarismo estoupou no

conflicto de Oseira e ben puido Bóveda ser testemuña dos cantazos ao pazo episcopal. Coñecía as formulacións agraristas do XIX e as do seu tempo: sabía de memoria poemas de Lamas C. O “Catecismo do labrego” estaba na man dos labregos e obreiros alfabetizados de Ourense. Xustamente, logo da revolta de Oseira, apréséntase na cidade “Acción gallega”. Basilio Alvarez era o seu veciño. O coñecemento dos problemas agrarios e do movemento agrarista estivo desde a adolescencia nos ollos de Bóveda.

Está suficientemente recollida a acción obreira ourensá dos anos 1900-1936. Xiraba arredor de “Malingre” e do ferrocarril. Tiña conexión coas reivindicacións campesinas: as folgas duns e doutros eran palpábeis na cidade. Tivo-as perante os ollos A. Bóveda. Como tivo as falcatruadas da vida marxinal que nos describeu Blanco Amor na Esmeralda.

Non pertenceu aos cenáculos da “Centuria”, nen da fundacións de Nós. Lamentou-no e xustificou-no: tiña exceso de traballo para estudar e opoñer, pero recibiu o cheiro galeguista desde

o bairro; aprendeu nos escritos dos galeguistas ese íntimo encanto do propio ser, e, na súa primeira etapa profesional na Facenda, en Ourense, recibe de L. Cuevillas información, colaboración e introdución conveniente para a súa entrega á orientación política. Ourense era daquela o cerebro do nacionalismo, aínda que dun nacionalismo conservador.

Esta é a primeira lección: unha educación no seu ambiente, nos problemas da sociedade, na responsabilidade. Alexandre Bóveda non frustrou os sacrificios e as expectativas dunha familia que vivía a dureza de vida do Ourense obreiro do 1900.

Funcionario da facenda

A primeira oposición deu-lle un posto de auxiliar na Facenda, con destino en Ourense.

Non significou ruptura coa súa anterior vida ourensá. Madurece, segue a estudar, entra na órbita do galeguismo político. A segunda oposición como técnico da Facenda leva-o a Pontevedra, 1927. Nesta cidade, desde o seu posto de xefe de Contabilidade, en seguida é obxecto de desexo: casa, canta e cria: primeiro as cédulas persoais para a contribución encomendada á Deputación; logo proxecta e dirixe a Caixa de Aforros de Pontevedra. Pasa, con só 27 anos, a persoa pública dunha cidade chea de figuras. Desde os estudos de “Comercio”, desde as dúas oposicións, el prosegue cara ao profesorado mercantil. Mentres, le, estuda. Aproveita bibliotecas para aumentar os seus coñecementos ate ser un “economista” ao día.

Sobre as ideas económicas de Bóveda escribiu Beiras Torrado análises insuperábeis e, repetidamente, editados. Os textos de Bóveda están recollidos no programa do PG, nos anteproxectos para o

Estatuto de Galiza, no proxecto definitivo do Estatuto Galego e nuns artigos de ANT. Deixou-nos unha aportación fiscal valiosa: “arrinca dunha crítica á fiscalidade do Estado, dos Concellos e das Deputacións que era regresiva, sen control democrático e de altos custos”. Propón: “un imposto único, no que se han de refundir todos os previamente existentes, e a favor da Facenda galega, que dese xeito converte-se na instancia institucional tributaria preponderante...” Ia articular esta actividade o Banco galego. Galiza tributaria ao Estado de acordo co convenio a establecer.

As propostas económicas de Bóveda están recollidas no Estatuto Galego plebiscitado no 1936. El quería para Galiza un sistema económico parello ao keynesiano e de dirección endóxena.

Bóveda o político

A entrada de Alexandre na política galega visibilízase o 25 de xullo de 1930 na xuntanza da Barxa, Vigo. Logo é de vertixe: presente na fundación do PG, 1931, secretario xeral ou de organización, segundo os períodos, “motor de explosión” da vida interna das agrupacións, director da campaña, conferenciante, candidato no 1936 por Ourense.

A política nacionalista do PG recolle a ideoloxía das Irmandades da Fala. O centro das adaptacións programáticas e estratéxicas é a dirección de Castelao-Bóveda que residen en Pontevedra constituída en corazón do nacionalismo galego. Castelao e Bóveda influen-se mutuamente: Castelao dá a simbólica, a tradición (como impulso criador), a imaxe popular; Bóveda organiza, dinamiza, manda.

O PG comeza por ser un partido elitista, de predomínio conservador; crece, pluralízase social e ideoloxicamente. Pasa a ser par-

tido de masas. De 700 de entrada no Nadal de 1931 suma máis de 3000 na Galiza sen contar os da emigración.

Pero Bóveda proba a súa grandeza política no seu martirio. Ante o tribunal militar que se arroga o dereito a xulgá-lo, 13 de agosto de 1936, di: “A miña Pátria é Galiza. Amo-a fervorosamente, xamais a traicionaria, inda que me concedesen séculos de vida... Fixen canto poden por Galiza e faría máis se pudiera... Baixo a súa bandeira desexo ser enterrado”.

A Bóveda non se lle pode mistificar como economista, funcionario, heroi; é un “político” que dá todo pola súa Pátria. É unha luz que alumea as necesidades dun povo: só ser, institucionalizar-se, dotar-se como nazon pode liberá-lo.

Sobre Alexandre Bóveda

“Alexandre Bóveda” en *A Nosa Terra*. Eduardo Gutiérrez, Edicións Laiovento. Alexandre Bóveda. Edicións A Nosa Terra.

Vida Paixón e Morte de Alexandre Bóveda. Xerardo Álvarez Gallego. Edicións A Nosa Terra.

Coroa poética para un mártir: 35 poemas á morte de Alexandre Bóveda (1936-1994). Edicións Xerais, edición Xesús Alonso Montero.

“(Re) coñecermos Alexandre Bóveda”. VV.AA, en *Terra e Tempo*, nº 22/23 xaneiro-agosto de 2003.

“Centenario de Alexandre Bóveda”. Xusto Beramendi e Xosé Manuel Beiras, en *Grial*, 158 abril-xuño 2003.

www.alexandreboveda.org
www.memoriadagaliza.com

Iglesias:

leccións dun mestre

“

Os estatutos son, naturalmente, tan artificiais como calquer norma xurídica. Pero en nome da xuridicidade, da Lei, defende D.Royo¹ a Propiedade, os dereitos individuáis, etc. Porque as leis, sendo artificiais, son a “forma” que en cada intre se da a unha realidade social.

Forma, naturalmente, mutábel. Porque se non, nós non poderíamos aceptar unha regulación que non responde a total realidade social do pobo galego, que soio terá a súa expresión acabada no nazionalismo que nós profesamos.


Porque hai outras esenciais da nosa persoalidade colectiva –esenciais económicas, esenciais sociáis, esenciais morás, etc.– que precisan outro marco legal, mais aberto e flexíbel, capaz de permitirlle a Galiza cumprir os seus destiños históricos convertíndose en célula de universalidade, como nós queremos, e como Galiza ten a obriga de ser. Porque os pobos, como os individuos, teñen un rol que cumprir ao que non deben substraerse, nin ten ninguén dereito a birtalos, a non ser que perdan a categoría de individuos pra ficar convertidos en simples cousas.

E nós aspiramos a que Galiza deixe de ser a cousa, morta e anodina, en que a convertiu o centralismo en perto de cinco séculos de “royismo”.

Queremos que deixe de ser isa cousa que se chama –e ademais é– “lo regional”, para se converter na individualidade colectiva nazional, célula viva de universalidade, que lle dé a categoría de pobo, ceibe e vontariamente avencellado cos demais na outa tarefa de precurar para a Humanidade ise novo estadio de vida que se aveciña, e unha de cuías angueiras ha ser a destrucción d-isa outra “artificialidade” que son as Constitucións centralistas dos grandes Estados, que xa cumpriron a súa misión e non responden na actualidade a ningunha realidade social que os xustifique”.

(A Nosa Terra, nº 348, 15 de setembro de 1934)

Recollido en: “Alexandre Bóveda” en A Nosa Terra. Eduardo Gutiérrez, Edicións Laiovento.



¹ Antónío Royo Villanova (1869-1958) foi catedrático e deputado nas Cortes da República polo Partido Agrario. Ocupou a carteira de Mariña no derradeiro goberno de Lerroux. Profesou un antinacionalismo visceral, particularmente con respecto a Cataluña.



Sede Nacional

Avenida Rodríguez de Viguri 16, baixo
15702 Santiago de Compostela
Tel. 981 555 850 / Fax: 981 555 851
E-mail: sedenacional@bng-galiza.org
Páxina Web: www.bng-galiza.org

Colaboraron neste número:

Colaboraron neste número: Xan Bazarra, Carlos Callón,
Francisco Carballo, Pepe Carreiro, Camilo Franco, Xabier Macías,
Xosé Mexuto, Xan Muras, Uqui Permui, Rebeca Romero,
Iolanda Veloso, Rafa Villar

Filho da Pátria Iludido

Gabriel O Pensador



Quando eu vejo um filho da pátria com a camisa dos Estados Unidos
Eu fico puto
Eu fico louco
Eu fico logo mordido
Porque se fosse um americano eu já não ia gostar
Mas o pior é brasileiro quando cisma de usar
Uma jaqueta ou uma camiseta com aquela estampa
D'aquela porra de bandeira azul vermelha e branca!
Eu não suporto ver aquilo no peito de um brasileiro
Me dá vontade de manchar tudo de vermelho
Vermelho sangue
Do sangue do otário
Que não soube escolher a roupinha certa no armário
E saiu de casa crente que tava abafando
Eu vô tentar me segurar mas eu não tô mais agüentando!!

Quando eu vejo um filho da pátria com a camisa dos Estados Unidos (cores dos States com as estrelas e as listras)
Quando eu vejo um filho da pátria com a camisa dos Estados Unidos (não somos patriotas nem nacionalistas)
Quando eu vejo um filho da pátria com a camisa dos Estados Unidos (como Tio Sam sempre quis)
Quando eu vejo um filho da pátria com a camisa dos Estados Unidos (amigo vai nessa que tu tá é fudido)

E ele saiu de casa crente que tava abafando
Eu fico puto
Eu fico triste
Eu fico quase chorando
De pena de raiva de tristeza de vergonha
Quando eu vejo esses babacas esses panacas esses pamonhas
Que têm coragem de ir pra rua com boné ou camiseta
Com as cores da bandeira mais nojenta do planeta!
Tem azul com estrelinha
Tem branquinho e tem vermelho
O filho da pátria é burro cego ou a casa dele não tem espelho?
Eu acho que é burro mesmo
Coitado
Sem rumo sem governo totalmente alienado
Bitolado do tipo que acredita no enlatado
Que passou no Supercine desse sábado passado
Eu tento me controlar conto até dez respiro fundo
Ô filho da pátria é assim que cê pensa que vai chegar no 1º mundo?

Vestindo essa bandeira de outro povo
Vestindo essa roupa escrota de submisso baba-ovo
Que vergonha que vexame que tragédia que fiasco:
O enforcado desfilando com a bandeira do carrasco!
Condenado
Parece que merece a morte
Me enraívece um colonizado usar a bandeira da metrópole!
E não espere eles invadirem a Amazônia
Pra saber que não passamos de uma mísera colônia
Em pleno século vinte e um beirando o ano dois mil
Por essas e outras devemos usar a bandeira do Brasil
E lutar por um país fudido
No quadro internacional
Tira a camisa dos Estados Unidos seu débil mental!

Refrão

I'm an American and I'm proud of my flag
But Gabriel is my friend and I understand what he said
You gotta have personality keep your own nationality
Look at yourself
Try to live your reality
And maybe we will all have just one nation some day
But now use your own flag let me be USA
Each one has his own country but life is way above
We ain't talking about hate
It's all about love...

Amigo cê tá perdido enganado iludido
Já devia ter sabido o que são os Estados Unidos
Um país infeliz
O mais hipócrita da terra
Malucos suicidas e imbecis que adoram guerra
Misturados num lugar cheio de farsa e preconceito
Me diz porque essa merda de bandeira no seu peito?
O quê que cê quer dizer quando veste uma camisa exaltando as belas cores dos opressores que te pisam?
O quê que cê quer passar pra pessoa que olhar pro seu peito e num entender de que lado você tá?
Mas não precisa responder
Cê tá do lado de baixo
Você é uma fêmea no cio e o Tio Sam é o seu macho
Você é o capacho dos norte-americanos
Por isso ainda acho que existe algum engano
Porque eu não me rebaixo a passear vestido
Com a roupa do inimigo: os Estados Unidos

(Gabriel O Pensador. *Ainda é so o começo*. 1995)
www.gabrielopensador.com.br

RELATO

Destino para un

Camilo Franco

Avanzaba polo corredor deca-tándose de que a rotación da Terra non era suficientemente rápida para el. Faltáballe paciencia para esperar polos ciclos que poñen día e noite sobre as casas e con lentísima desesperación remoía as disculpas de mal pagador.

por diante dos tempos cando os tempos amosan signos evidentes de lentitude. Camiñaba polo corredor de fondo, firmemente contra o futuro, sen présa e sen pausa porque alguén lle dixera que levaba na fronte unha estrela e no bico un cantar e xente así

non pode desperdiciarse na oposición, inmóbil. Ben mirado, era certo. E pur si muove. Non quixo ficar e para eso serve o poder: para o que serven as cenouras que penden dun pao diante dos ollos dun burro. Camiñaba polo corredor cara ó manexo, pensando con inocencia que as promesas son argumentos e que o destino, finalmente, está para un. Meteu á familia no asunto porque cando entrou en política prometéralle a seu pai seriamente enfermo que non se perdería en disquisicións e miraría polo ben da xente. Xusto o que estaba facendo: actuar, tomar os instrumentos e manexalos para pór cada cousa no seu lugar, como tantas veces lle repetira con ánimo pedagóxico o seu proxenitor. El no seu lugar. Exactamente.



Camiñaba polo corredor repetíndose un anuncio: as oportunidades hai que aproveitalas. Referíase a un certo tipo de lentes e o asunto resultoulle aínda máis revelador: era un problema de visión. Vía claro o final do corredor e un grupo de xente agardando por el para lembrarlle que agora tería media hora mala e logo quedaría todo na súa man. Entroulle a calma do medo antes de atravesar a porta e xusto no momento de cruzar o umbral sentiuse Saulo camiño de Damasco: un millón de luces buscando o xesto que retratase ó novo poder. Perdeu a serenidade e esqueceu o que lle advertiran: a presenza é silencio. Diante dos trescentos micros entendeu necesario dicir algo para comezar o seu mandato. Mirou a cenoura abaneando diante dos ollos e deitou a sentención como quen descobre unha vocación: o poder hai que repartilo entre todos e agora tócame a min.

Avanzaba polo corredor coas imaxes claras: haberá sorrisos de complicidade e haberá sorrisos de burla. Non se distinguirán os uns dos outros. O resto será o silencio dos clásicos, alteirado polos eventuais berros de traición. Pero que traición é a de moverse cando ninguén se move. Pero que traición debe ser esta de avanzar

CONTACTA CON NÓS

Se queres recibir máis información ao respecto do BNG cobre cos teus datos este cupón e envia-o á Sede Nacional do BNG: Rodríguez de Viguri 16, baixo, 15702 Santiago. Tel: 981 555850 / Fax: 98155 58 51. E-mail: sedenacional@bng-galiza.org

Nome e Apellidos:
Enderezo:Localidade:
CP.....Teléfono.....Idade.....E-mail.....

Receber gratuitamente a revista BE-NE-GA

Receber información para afiliarme ao BNG

Portas abertas para traballar polo País
Invítamos-te a dar un paso máis no teu compromiso con Galiza afiliando-te ao BNG